# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# DEPARTAMENTO DE INGLÉS

# 2022-2023


XEFA DE DEPARTAMENTO:

Teresa Maneiros Santalla

TÁBOA DE CONTIDOS


1. CONTEXTUALIZACIÓN....3
2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E ASIGNACIÓN DE GRUPOS....3
3. MATERIAIS CURRICULARES....4
4. XUSTIFICACIÓN....4
5. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS....5
- 5.1. Indicadores de logro....7

6. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO....11
7. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO....13
8. METODOLOXÍA....14
9. CONTIDOS MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DO CURSO....15
- 9.1. 2º ESO....15
- 9.2. 4º ESO....16
- 9.3. 2º DE BACHARELATO....18

10. CONTIDOS PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES....19
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....19
12. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE INGLÉS AO FOMENTO DA LECTURA....21
13. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE....23
14. MODELO DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN....24
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....25
2ºESO....26
- Estándares de aprendizaxe 2ºESO....26
- Distribución e secuenciación dos contidos 2ºESO.... 45
- Obxectivos específicos 2ºESO....52
- Instrumentos de avaliación 2º ESO....52
- Criterios de cualificación 2º ESO....53

4º ESO....55
- Estándares de aprendizaxe 4ºESO....55
- Distribución e secuenciación de contidos 4º ESO....59
- Obxectivos específicos 4º ESO....61
- Instrumentos de avaliación 4º ESO....61
- Criterios de cualificación 4º ESO....61

2º BACHARELATO....63
- Estándares de aprendizaxe 2ºBACH....63
- Distribución e secuenciación de contidos 2º BACH....66

**Obxectivos especificos  2º BACH ..........................................................................68**
**Criterios de avaliación 2º BACH...........................................................................68**
**Instrumentos de avaliación de 2º BAC ...................................................................68**
**Criterios de cualificación 2º BACH .......................................................................69**

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

Viveiro é un concello localizado na Mariña Lucense, cunha superficie de 109 $km^2$ aproximadamente e unha poboación censada de 15.615 habitantes, segundo o censo do 2016. Conta con 3 núcleos de poboación urbana: Viveiro, Covas e Celeiro e 9 parroquias.

A nivel económico, Viveiro vive fundamentalmente do sector servizos, o turismo, da industria da zona e da pesca e derivados.

O *IES Vilar Ponte* é un instituto que imparte ensinanza secundaria e bacharelato cun total de 350 alumnos. Case todo o alumnado procede de Viveiro e Covas, tendo pouco alumnado de Celeiro e outras zonas rurais. Tamén recibe algún alumnado do concello de Xove e O Vicedo.

Ten un número importante de alumnado estranxeiro, do leste de Europa e especialmente centro- americano, residente no casco urbano e na zona de Cantarrana. Tamén é necesario salientar a escolarización de alumnado de etnia xitana.

Fisicamente, o *IES Vilar Ponte* ten dous edificios separados uns 200 metros, coas dificultades que iso conleva, pois esixe duplicado de servizos e persoal de gardas.

En canto ao alumnado, o instituto ten especial interese en atender á diversidade, ofrecendo agrupamentos específicos, Adaptacións Curriculares e reforzos dentro e fóra da aula base.

Contamos cos seguintes grupos na ESO: tres 1º ESO, tres 2º ESO, tres 3º ESO e dous 4ºESO. En canto ao Bacharelato, hai dous grupos de 1º BACH e dous de 2º BACH.

## 2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E ASIGNACIÓN DE GRUPOS

O departamento está constituído polo profesorado que a continuación se numera:

- **Dª Teresa Maneiros Santalla**, xefa de departamento, imparte docencia en dous grupos de 3º ESO, un PDC de 3º e dous grupos de 4º ESO.
- **Dª Lucía Villarino Lestegás** imparte docencia en tres grupos de 1º ESO e tres grupos de 2º ESO.
- **Dª Nuria García Fonte** imparte dous grupos de 1º BACH, dous grupos de 2º BACH e un grupo de 3º ESO.

## 3. MATERIAIS CURRICULARES

- **2º ESO**: *Together 2*(OUP), libro,caderno e libro dixital;CDs; material complementario.
- **4º ESO**: English World 4 (Burlington Books), libro e caderno; material complementario variado, tanto auténtico como adaptado; CD; recursos online.
- **2º ESO**:*INITIATIVE 2* (Ed. Macmillan), libro e caderno; material complementario, especialmente textos e modelos de exame enfocados á preparación das probas ABAU; CDs.

## 4. XUSTIFICACIÓN

A finalidade desta programación é conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE para favorecer o seu desenrolo persoal e social.

Así mesmo, coa presente programación queremos desenrolar, coa axuda dos temas transversais, tan importantes na vida cotiá, o desenvolvemento completo do alumnado, e de xeito destacado, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC e de xeito moi especial aqueles temas que desde a aprendizaxe do inglés promoven a igualdade de oportunidades, a non discriminación por calquera motivo, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os aspectos, o rexeitamento da violencia, o racismo e xenofobia, o respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, etc.

A realidade actual esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, neste caso, o inglés e xunto coas novas tecnoloxías, promove un cambio importante no xeito de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Para que se produza a aprendizaxe, debemos facilitar as condicións favorables, atender a diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e a busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo, preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

## 5. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A sociedade actual demanda un cidadán competente e para elo, desde a área de linguas estranxeiras, esta formación constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento no que interactúan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

No proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquire, deberá ser capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Na aprendizaxe por competencias o alumnado non só debe demostrar o que sabe, senón tamén demostrar que sabe aplicar os coñecementos adquiridos á vida real, pero ademais que sabe ser e estar. Os contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), deben ir orientados a desenvolver a formación integral do alumnado.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. **Comunicación lingüística**
2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**
3. **Competencia dixital**
4. **Aprender a aprender**
5. **Competencias sociais e cívicas**
6. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
7. **Conciencia e expresións culturais**

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia permitirá a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción comunicación do coñecemento e de organización e autorregulamento do pensamento, as emocións e a conduta. Con esta competencia o alumnado poderá enriquecer as relacións persoais, e sociais e axudaralle a desenvolverse en contextos distintos ao propio. Terá acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática supón aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia traballa os coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas permitirá ao alumnado adquirir destrezas que lle servirán para a resolución dos problemas da vida .

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía permiten achegarse ao mundo físico e á interactuar responsablemente na conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen a desenvolver o pensamento científico e a convertelos en cidadáns/ás responsables e respectuosos/as así como identificar e resolver situacións da vida cotiá.

É de vital importancia desenvolver actitudes e valores relacionados éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais e á adopción dunha actitude axeitada para conseguir levar unha vida saudable nunha contorna natural e social.

3. Competencia dixital

Esta competencia dotará ao alumnado de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.

Fomentarase a autonomía, a responsabilidade, e o espírito critico no tratamento da información e as súas fontes, así como o uso das distintas ferramentas tecnolóxicas; unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible e contrastada, así como o respecto polas normas de conduta que regulan o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

4. Aprender a aprender

Con esta competencia, o alumnado desenvolverá habilidades para planificar e organizar o traballo individual ou colaborativo, e aprenderá a importancia de adquirir un hábito de traballo diario e o valor do esforzo persoal na consecución do éxito.

Aprender a aprender supón ser consciente, xestionar e controlar as propias capacidades e coñecementos con eficacia , e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual.

5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias desenvolverán a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos diversos, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

Implican o desenvolvemento de destrezas, como son a capacidade de se comunicar construtivamente en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender outros puntos de vista e outras realidades, negociar con confianza en si mesmo/-a e

sentir empatía. Esta competencia inclúe actitudes e valores de colaboración, a seguridade nun mesmo/a , a integridade e honestidade e o respecto polos valores democráticos, culturais, relixiosos, de igualdade e os dereitos humanos.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia permite ao alumnado ter a capacidade de transformar as ideas ou plans en realidades: adquirir conciencia da situación para intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto. Para o desenvolvemento desta competencia é necesario fomentar a creatividade , a capacidade para xestionar proxectos, asumir e xestionar riscos, traballar as calidades de liderado e de traballo individual e en equipo, así como o sentido crítico e de responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

### 5.1. Indicadores de logro

1. Comunicación lingüística

- Establece relacións positivas cos demais e co contorno a través da comunicación, enriquece as relacións sociais en contextos diversos, e amosa consideración e respecto por outras persoas e culturas.
- Usa a comunicación lingüística para a resolución pacífica de conflitos.
- Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas e adapta a comunicación ao contexto.
- Produce textos orais e escritos axeitados á situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como as regras propias do intercambio comunicativo.
- Busca, comprende, compón e utiliza tipos de textos variados, presentados en calquera soporte, con intención comunicativa ou creativa.
- Le como fonte de pracer, para descubrir novos mundos e culturas, como fonte de fantasía e de saber.
- Expresa e entende tipos de discurso segundo a situación de comunicación en diferentes contextos sociais e culturais.
- É consciente das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais da linguaxe segundo o contexto e a intención comunicativa.

- Le, escoita, analiza e ten en conta opinións alleas nas situacións de aula ou fóra dela
- Expresa as súas ideas, sentimentos e emocións, e asume e realiza críticas con espírito construtivo.
- Accede a distintas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Identifica, interpreta e é capaz de producir distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e usa os razoamentos matemáticos na resolución de problemas da vida cotiá.
- Interpreta e expresa informacións, datos e argumentacións, claramente e con precisión segundo o nivel, e aplica a información nas situacións e contextos nos que se desenvolve, con axuda e cada vez máis autonomamente, e identifica as ideas fundamentais e valora as argumentacións e informacións que recibe.
- Comprende sucesos, prevé consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e allea e desenvólvese adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.
- Aplica os conceptos e principios básicos na análise dos fenómenos dos diferentes campos de coñecemento científico, axeitados ao seu nivel.
- Percibe de forma adecuada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante e usa os recursos naturais racionalmente e coida o medio ambiente.
- Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.
- Analiza racionalmente os modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social saudables , como elemento clave da calidade de vida individual e colectiva.
- Identifica preguntas ou problemas e chega a conclusións que lle permitan comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana.
- Aplica nocións, conceptos científicos e técnicos básicos, e pon en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica.
- Planifica e manexa solucións técnicas, seguindo criterios de economía e eficacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.
- Diferencia e valora o coñecemento científico, xunto con outras formas de coñecemento, e utiliza valores e criterios éticos asociados á investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico.

3. Competencia dixital

- Busca, procesa, analiza e comunica información obtida a través da tecnoloxía da información.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Organiza e analiza a información, compréndea e fai inferencias e deducións para conseguir os obxectivos fixados.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.
- Procesa e xestiona información , resolve problemas reais, toma decisións, traballa en contornos colaborativos e fai producións responsables.
- Comprende a natureza e o modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e socio-laboral hoxe en dia.
- Identifica e resolve problemas habituais básicos de software e hardware.
- Resolve problemas reais , e avalía e selecciona novas fontes de información e innovación tecnolóxica, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- É unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva cara á información e as súas fontes, contrastándoa cando é necesario. Respecta as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

4. <u>Aprender a aprender</u>

- Desenvolve habilidades na aprendizaxe para facela máis eficaz e autónoma, axustándoas aos propios obxectivos e as necesidades.
- É consciente das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolvelas.
- Está motivado ten confianza en si mesmo e amosa gusto e satisfacción por aprender.
- É consciente das súas posibilidades: do que sabe e de como se aprende.
- Xestiona e controla os procesos de aprendizaxe eficazmente, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.
- Trata de desenvolver as propias potencialidades, aumenta progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
- Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de éxito.
- Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da información, incluídos os recursos tecnolóxicos.
- Afronta a toma de decisións, racional e criticamente, coa información dispoñible.
- Obtén información para transformala en coñecemento propio, relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.
- Ponse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo.

- Autoavalíase e autorregúlase, é responsable e asume os erros e aprende dos e cos demais.
- É consciente, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos eficazmente.

5. Competencia social e cidadá

- Comprende a realidade social na que se vive e comprométese a contribuír á súa mellora.
- Participa, toma decisións e decide como comportarse en determinadas situacións.
- Exerce activa e responsablemente os dereitos e deberes como cidadán.
- É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo.
- Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.
- Entende as características das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.
- Dispón dun sentimento común de pertenza á sociedade na que vive
- Resolve os problemas con actitude construtiva baseada na reflexión crítica e no diálogo.
- Ponse no lugar do outro e respecta outros puntos de vista.
- Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller.
- Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos
- Mantén unha actitude construtiva, solidaria e responsable no cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

6. Competencia cultural e artística

- Comprende e valora criticamente diferentes manifestacións culturais.
- Entende as características das sociedades actuais, a súa pluralidade e o seu carácter evolutivo .
- Reelabora ideas e sentimentos propios e alleos.
- Avalía e axusta os procesos necesarios para alcanzar uns resultados, tanto no ámbito persoal coma no académico.
- Expresarase e comunicarase con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.
- Amosa iniciativa, imaxinación e creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.
- Coñece basicamente as principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas.
- Identifica as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a sociedade, a persoa ou a colectividade que as crea.
- É consciente da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos.
- Aprecia a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos na música, na literatura, nas artes visuais e escénicas.

- Valora a liberdade de expresión e o dereito á diversidade cultural.
- Aprecia e goza coa arte para poder realizar creacións propias e trata de desenvolver as súas capacidades estéticas e creadoras.
- Mostra interese por coidar o patrimonio cultural e artístico.

7. Autonomía e iniciativa persoal

- Adquire valores como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento dun mesmo e a autoestima.
- Aprende dos erros e trata de asumir riscos, así como de demorar a necesidade de satisfacción inmediata.
- Elixe con criterio propio, propón proxectos, e leva cabo as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais facéndose responsable dos mesmos.
- Ponse obxectivos e planifica e leva a cabo proxectos, busca solucións e trata de poñelas en práctica.
- Analiza as súas posibilidades e limitacións, coñece as fases de desenvolvemento dun proxecto, extrae conclusións e valora as posibilidades de mellora.
- Identifica e cumpre obxectivos e mantén a motivación para lograr o éxito nas tarefas emprendidas.
- Analiza a oferta académica, laboral ou de lecer dispoñible, coas capacidades, desexos e proxectos persoais.
- Ten unha actitude positiva ante os cambios, adáptase crítica e construtivamente a eles, afronta os problemas e trata de atopar solucións en cada un dos proxectos vitais que se emprende.
- Dispón de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Desenvolve habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos, para o diálogo e a cooperación, a organización de tempos e tarefas, a capacidade de defender dereitos ou de asumir riscos.
- Emprende accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade e responsabilidade.

## 6. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, asícomo o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizarán achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións

artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 7. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c)Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus

antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

k)Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## 8. METODOLOXÍA

A metodoloxía e fundamentalmente comunicativa. A súa finalidade principal e conseguir que o alumnado logre comunicarse e desenvolverse tanto no plano oral como na escrito, de xeito natural. O alumnado debera adquirir estratexias de aprendizaxe que lle permitan desenvolverse en situacións reais de comunicación.

É fundamental que o alumnado entenda como funciona a lingua e que reflexione sobre este proceso, comparándoo coa súa lingua materna, que lle permita mellorar o seu nivel e manter un bo nivel de comunicación.

Deberá tamén comprender o funcionamento do sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario, de xeito que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.

O alumnado deberá desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *listening, speaking, reading* e *writing.*

- **Reading** (comprensión escrita): predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura rápida dun texto para obter a idea xeral; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; dedución do significado das palabras polo contexto; procura de información específica (*scanning*);comprensión das referencias pronominais e adverbiais; identificación das palabras clave nun texto e identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.).

- **Listening** (comprensión oral): comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; audición comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.
- **Speaking** (produción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula, tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e de estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.
- **Writing** (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas no apartado anterior, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade, e a procura da información en diversas fontes. O estudante deberá atender, tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante conxuncións e conectores e respectando á vez a estrutura dos mesmos, etc.

Deberá ter a posibilidade de ampliar os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimilar a cultura da que forma parte.

Todas as tarefas deberán fomentar a autonomía do alumno na súa aprendizaxe, que lle permitirá acadar mellores cotas de comunicación.

Os temas serán atractivos e de interese para o alumnado, que os motivarán e espertarán neles o desexo de aprender e comunicarse.

A metodoloxía permitirá  a autoavaliación como ferramenta básica para analizar a propia aprendizaxe e  conseguir avanzar na mesma.

Tamén poderán analizar os seus logros completando o Progress Check de cada unidade e o diario, seguindo o Porfolio.

## 9. CONTIDOS MÍNIMOS PARA A SUPERACIÓN DO CURSO

### 9.1. 2º ESO

<u>**1ª Avaliación**</u>:

**Introdución:** Starter unit. Preguntas básicas sobre información persoal, sobre as familias, e horarios. Verbos: to be, to have, there is/are. Os adxectivos posesivos e as “question words”.

**Unidade 1**: descripción de actividades de ocio e tempo libre. Intereses persoais, gustos ou preferencias. Vocabulario relacionado co tema. Estruturas gramaticais do presente simple, os adverbios de frecuencia, os cuantificadores, as preposicións de lugar e os conectores *and ,too, also*

**Unidade 2:** Expresións e vocabulario usado nas conversas telefónicas. Descripción dunha foto indicando datos xerais e específicos. O presente continuo, comparación co presente simple. Os conectores *"but" e "however."*

**Unidade 3**: descripción dun acontecemento do pasado. O pasado simple. There was/were. A secuenciación de eventos: sequencing words.

**<u>2ª Avaliación</u>:**

**Unidade 4:** descripción dunha foto. Accións e movementos. O pasado continuo. Os nexos temporais: *when , while e as soon as.*

**Unidade 5:** A habilidade. Pedir e dar consello. Períodos do tempo, números, medidas. O comparativo e o superlativo.

**Unidade 6:** A supervivencia e as normas de seguridade. Habilidades: can/could. As accións e os seus resultados. Escritura dun blog para dar consellos. O primeiro condicional: will e won't. Must e should. Os imperativos.

**<u>3ª Avaliación</u>:**

**Unidade 7:** vocabulario relacionado con plans e predicións de futuro. Vocabulario sobre instrumentos musicais e xéneros. Expresións coloquiais das cancións. Os pronomes persoais suxeito e obxecto. Will /going to/ presente continuo.

**Unidade 8:** expresión de sentimentos persoais e experiencias. Escritura dun e-mail sobre acontecementos receentes. O pretérito perfecto . As causas e consecuencias: because, so.

**Unidade 9:** información persoal. Descrición da personalidade. Vocabulario relacionado coas vacacións e as viaxes. Repaso de todos os tempos verbais: presentes simple e continuo, pasado simple e continuo, pretérito perfecto e o futuro con will, going to ou o presente continuo con valor de futuro.

Os verbos irregulares contidos ao remate do libro.

### 9.2. 4º ESO

**<u>1ª Avaliación</u>:**

**Introdución**: Repaso de lugares, xeografía,a roupa e os complementos, a comida e os

adxectivos. Presente simple/continuo.

**Unidade 1:** Pretérito perfecto e contraste co pasado simple, used to. Entender conversas sobre viaxes. Falar da planificación dunha viaxe. Escribir unha entrada dun diario. A orde de palabras. Pronuncia dos sons da unidade.

**Unidade2:** Desastres naturais, servizos de urxencia. Phrasal verbs, oracións de relativo, compostos de some e any. Escoitar un debate e unha crónica na radio. Poder describir unha escena. Usar os conectores de secuencia. Escribir unha narración. Os sons da unidade.

**Unidade 3:** Vocabulario relacionado cos delitos e coa televisión. Os sufixos. Ler un artigo dunha revista e dunha guía de televisión. Past perfect e contraste do past perfect e o pasado simple. Escoitar e entender unha conversa sobre a prevención dos delitos e unha enquisa telefónica. Facer unha enquisa. Escribir unha crítica dun programa de televisión. As locucións e conxuncións adversativas. Identificar e producir os sons da unidade.

**2ª Avaliación:**

**Unidade 4:** Verbos relacionados coa tecnoloxía. Familias de palabras. Ler artigos de xornais e enquisas. Condicionais dos tres tipos. Escoitar e entender un debate sobre tecnoloxía. Falar para chegar a un acordo. Escribir unha redacción dando a opinión sobre un tema usando as conxuncións copulativas. Pronuncia dos sons presentes na unidade.

**Unidade 5:** Vocabulario relacionado coa arte. Adxectivos, os sufixos para formar adxectivos. Ler unha biografía e unha crítica de arte. A pasiva. Escoitar e entender unha conversa sobre distintas actividades e unha visita guiada a un museo. Ser capaz de facer comparacións e contrastes. Escribir unha descrición. Orde dos adxectivos. Producir os sons da unidade.

**Unidade 6:** Adxectivos descritivos. Os prefixos. O estilo indirecto. Verbos que introducen o estilo indirecto. Conxuncións causais e consecutivas. Ler un boletín informativo e dous artigos de prensa. Escoitar unha conversa e unhas noticias. Informar de noticias. Escribir un artigo sobre un acontecemento. Pronuncia dos sons da unidade.

**3ª Avaliación**:

**Unidade 7:** Verbos modais. Pronomes persoais e adxectivos posesivos. Vocabulario relacionado coa saúde e o exercicio físico. Collocations con get e lose. Ler un foro sobre saúde en Internet. Escoitar un programa de radio e unha conversa. Expresar acordo e desacordo. Escribir un ensaio sobre un novo descubrimento médico. Identificar e producir os sons da unidade.

**Unidade 8:** Xerundios e infinitivos. Preguntas de suxeito e obxecto. Phrasal verbs. Vocabulario relacionado coas expresións sociais. Vocabulario relacionado coas invitacións. Uso da linguaxe informal. Ler un artigo dunha revista e un extracto dun libro. Escoitar conversas. Facer

plans. Escribir un correo electrónico. Pronuncia dos sons presentes na unidade.

**Unidade 9:** Repaso das unidades anteriores que abarca todas as destrezas. Un artigo dunha revista. Unha conversa sobre plans de futuro. Facer suxestións. Expresar acordo e desacordo. Dar opinións. Escribir un ensaio.

Poder enunciar todos os verbos irregulares contidos na lista de 4º de ESO.

### 9.3. 2º DE BACHARELATO

- Ser capaz de responder as preguntas de comprensión dun texto de nivel intermedio dunhas trescentas cincuenta palabras, sobre un tema xeral ou sobre un texto de ficción en linguaxe formal ou coloquial.
- Ser capaz de expresar na lingua meta o significado expresións ou vocabulario dun texto. Ser capaz de expresar con estruturas sinónimas o significado doutras frases ou de oracións. Ser capaz de buscar no texto sinónimos ou antónimos das palabras dadas.
- Ser capaz de resumir un texto nun máximo de cincuenta palabras, destacando as ideas principais.
- Ser capaz de comprender un texto oral de tema variado, nivel intermedio e contestar as preguntas de comprensión oral.
- Ser capaz de expoñer oralmente as súas opinións, argumentos a favor ou en contra, facer descricións, argumentacións ou exposicións orais dun tema de interese xeral, ou do seu interese, expresar desexos e falar de calquera tema adecuado á súa idade e interese, cun vocabulario de nivel pre-intermedio, que se lle presupón adquirido en cursos anteriores.
- Ser capaz de escribir sobre un tema relacionado co contido dun texto ou non dunha lonxitude aproximada de 120 palabras, utilizando o vocabulario e as estruturas traballadas.
- Ser capaz de identificar e facer un uso axeitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Recoñecer o vocabulario traballado nas 6 unidades do libro ao longo do curso e poder usalo no contexto axeitado. Uso axeitado de *idoms* e outras expresións fixas; *phrasal verbs; collocation*
- **Os seguintes contidos gramaticais:**
    - Oracións subordinadas
    - Oracións condicionais. Marcadores como unless/ as long as/ providing that, etc.
    - Estilo directo e indirecto; Reporting Verbs.
    - Adxectivos + enough / too + adxectivo.
    - Be + adxectivos.
    - Verbos pronominais seguidos de adxectivos: look angry/ smell good. etc.
    - Formación de palabras.

- Usos do infinitivo ou xerundio despois de determinados verbos e adxectivos.
- Verbos seguidos de xerundio ou infinitivo.
- *Phrasal verbs* de uso mais habitual.
- Os tempos verbais e os seus usos.
- A voz pasiva e os seus usos.
- Os verbos modais e os seus usos.
- Conectores e Nexos: for this reason, in addition, moreover, on the other hand, because, whereas,for example, consequently, although, even if, in spite of, etc.
- Comparacións: as if, as…. as, as though.
- *Inversion* con adverbios/frases adverbiais e condicionais.

## 10. CONTIDOS PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Para o alumnado coa materia pendente do curso anterior farase unha avaliación continua durante presente curso, de tal xeito que se podan coñecer e valorar os seus progresos. O profesorado que imparta a materia no curso no cal estea matriculado o alumno/a será o encargado de levar un seguimento do seu progreso.

Ao longo do curso, cada profesor proporcionará ó alumnado exercicios e actividades de reforzo de carácter obrigatorio cos contidos mínimos que debe adquirir para superar a materia pendente. A entrega de ditas actividades por parte do alumno nas datas acordadas suporá o 10% da cualificación.

O alumnado poderá recuperar a materia pendente do curso anterior con **probas parciais escritas**.Así mesmo, haberá un exame final para recuperar a materia de non telo feito coas probas parciais.

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Hai que ter en conta catro aspectos da diversidade para atender as necesidades do alumnado:

- **<u>A capacidade para aprender</u>**

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un, inclúese un repaso continuo de estruturas e de vocabulario con tarefas de diferentes niveis de dificultade para poder integrar ós distintos tipos de alumnos/as. Faranse actividades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e material de ampliación para os de nivel máis avanzado.

- **A motivación para aprender**

Os/as alumnos/-as presentan ritmos de aprendizaxe e grados de motivación diferentes.

A motivación está directamente relacionada co ambiente e co contexto no que os alumnos se desenvolven. Polo tanto, ofrécense temas de interese dos alumnos, adaptados ás súas idades, experiencias persoais e o contorno, o que posiblemente atraia considerablemente o seu interese. É importante que todos os alumnos participen no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e teñan o éxito que corresponda á súa capacidade e interese.

- **Os estilos de aprendizaxe**

